



## Intervención do Valedor do Cidadán perante o Pleno do Concello

5 de agosto de 2013

Exmo. Sr. Alcalde,  
Sras. Concelleiras e Concelleiros,

De acordo co Regulamento Orgánico da Comisión especial de suxestións e reclamacións e do Valedor do Cidadán no seu Título II, artigo 8 este “Anualmente, mediante informe, dará conta da súa xestión á Comisión, informe que se acompañará ao que preceptivamente eleve a Comisión ao Pleno. Por outra parte, elaborará aqueles outros informes e memorias que estime oportunas”.

O Valedor non surge da desconfianza na xestión municipal, xa que o seu obxectivo é, ao fin e ao cabo, equilibrar as actuacións das distintas instancias, integrando no maior grao posíbel os dereitos de cada individuo coas esixencias colectivas do Concello e do seu ámbito social, mellorando as relacións entre os diferentes colectivos e persoas que forma parte da comunidade viguesa.

No 1809, na Suecia, creouse a figura do *Ombudsman*. A palabra ombud refírese a unha persoa que está habilitada para actuar por outro e surge nese país escandinavo hai máis de 200 anos, constitucionalmente como mandatario daquel Parlamento na función de control do Executivo; isto é, unha figura portadora dos dereitos dos particulares fronte á actuación dos poderes públicos. Figura cuxo cometido consiste en defender aos individuos contra os abusos da administración. Figura que asentou en toda a Europa, adaptándose ás peculiaridades de cada país. Esta supervisión, hoxe, esténdese a toda a actividade da administración e á de quen rexa aos seus axentes; deste modo, non se limitan só os actos suxeitos á norma administrativa, senón que tamén abranxe a chamada “mala administración” (atrasos, falta de atención, desleixo, negligencias). Máis que unha moda, o xurista P. Garant considéao como un signo dos tempos e M. Retuerto, no seu “El Defensor del Pueblo, institución de garantía no jurisdiccional”, proclama que esta figura fai que a cidadanía sinta “moito máis próximos e vivos os elementos positivos da democracia”.

A función principal é a de evitar, tanto como sexa posíbel, o recurso a institucións xudiciais por causa dos conflitos que se producen no ámbito local, utilizando procedementos áxiles e gratuítos, dotados de flexibilidade.

O informe anual que todo Valedor ten que presentar diante do órgano de quen depende, constitúe o principal dos mecanismos de que dispón para persuadir ás autoridades administrativas e conseguir así a efectividade necesaria.

O desenvolvemento metodolóxico deste Informe está dividido en catro partes diferenciais: Na primeira parte son descritas as actuacións de oficio. Na segunda parte dáse conta das principais conclusións do V Encuentro Estatal de Defensores Locales, celebrado en Barcelona, así como a participación en CONAMA 2012. As actuacións a instancia de parte son pormenorizadas nunha terceira parte. Nunha cuarta parte faise un resumo estatístico da web da Oficina do Valedor do Cidadán. Finalmente, recóllense unhas reflexións de carácter xeral e específica, a modo de recomendacións.



## Intervención do Valedor do Cidadán perante o Pleno do Concello

5 de agosto de 2013

De acordo con este esquema, comezamos coa antedita primeira parte.

### **Parte I.- Actuacións de Oficio**

Son aquelas realizadas a iniciativa da propia Institución do Valedor do Cidadán, feito que se pon de manifesto na publicación de monografías ou informes sobre algúns temas que afectan globalmente á comunidade viguesa, como consecuencia das consultas e queixas presentadas en relación a un tema determinado.

As monografías publicadas foron:

#### *Discapacidade. Perspectiva comparada e estudo específico do municipio de Vigo*

Este estudo sobre a discapacidade e a inserción social, -iniciado a finais de 2011 e finalizado en outubro de 2012-, foi levado a cabo cunha metodoloxía de enquisas, semellante ao anterior sobre a Pobreza e a exclusión social, que tivo en conta os tres grupos sociais máis directamente implicados. En primeiro lugar, co obxectivo de coñecer a percepción da cidadanía sobre a discapacidade, realizáronse enquisas entre os habitantes de Vigo que proporcionan unha visión global do coñecemento que teñen as persoas desta temática e sobre as súas actitudes con respecto ao colectivo de discapacitados. Para iso, tomouse como referencia as experiencias europeas publicadas sobre o tema, realizando unha análise da situación local con perspectiva global e europea.

En segundo lugar, e en relación coa experiencia que poden achegar as persoas con discapacidade, foi deseñado un cuestionario mediante o cal se puido investigar distintos aspectos de grande relevo para este colectivo como son as características da súa situación laboral, o nivel educativo, o transporte máis utilizado, as prestacións económicas dispoñíbeis e outras medidas de apoio. Outras variábeis analizadas son as relacionadas co tipo de asistencia e coidados persoais recibidos, situacións de necesidade que é obrigado coñecer para implementar eficazmente políticas activas e outras medidas de inserción social.

No terceiro e último apartado pormenorízanse os resultados dos cuestionarios realizados aos responsábeis das entidades especializadas na atención ás persoas con discapacidade, baixo a firme crenza de que posúen un amplo coñecemento deste tema. Para iso, solicitouse a súa opinión sobre os temas que afectan directamente a estas asociacións no seu traballo diario como o grao de compromiso das administracións públicas ou os efectos da crise económica. Tamén se considerou importante a experiencia destas persoas relativamente ao seu coñecemento sobre os problemas e dificultades cos que se encontran as persoas con diversidade funcional.

Cada unha destas partes achega unha información, achamos que valiosa, para identificar e analizar o amplo conxunto de problemas desde distintas ópticas e a súa comparación, nalgúns apartados, con datos publicados na UE, España e Galicia.



## Intervención do Valedor do Cidadán perante o Pleno do Concello

5 de agosto de 2013

*Indicador de sustentabilidade B-7. xestión Sustentábel da autoridade local e as empresas locais. Aplicación ao municipio de Vigo.*

Co obxecto de coñecer o equilibrio social, económico e ambiental dunha cidade como Vigo, a Valedoría do Cidadán levou a cabo, mediante Actuacións de Oficio, unha serie de estudos que se limitan á aplicación dos Indicadores Comúns Europeos de Sustentabilidade, que serven para determinarmos a situación actual dun municipio e a súa evolución dentro dos parámetros que configuran a sustentabilidade. Até 2012 foran analisados e editados os seguintes indicadores: A1 (Satisfacción da cidadanía coa comunidade local), A2 (Contribución local á mudanza climática global), A3 (Mobilidade local e transporte de pasaxeiros), A4 (Acceso da cidadanía a zonas verdes públicas e servizos locais), A5 (Calidade do aire na localidade), B6 (Desprazamento dos nenos entre a casa e a escola), B8 (Contaminación sonora), B9 (Utilización sustentábel do solo) e B10 (Produtos que promoven a sustentabilidade).

Dado que o único Indicador aínda sen estudar era o B7, é por isto que se procedeu á súa determinación, culminando así a serie dos dez indicadores comúns europeos de sustentabilidade relacionados con Vigo.

Este indicador B7 é referido á Xestión sustentábel da autoridade local e das empresas locais e exprésase como a porcentaxe de organizacións públicas e privadas que adoptan e utilizan procedementos de xestión ambiental e social. O seu obxectivo áchase en promover as tecnoloxías limpas e mellorar a calidade da auga e do aire, concienciar as empresas da necesidade de se adherir a un programa de xestión ambiental e/ou social coas vantaxes que iso comporta. Para o seu cálculo han de rexistrarse todas as organizacións (grandes empresas e PMEs) que adoptan e empregan estes procedementos, tales como as normas ISO 14000, EMAS, SA800, AA1000..., pois son ferramentas de xestión ambiental voluntarias certificadas tanto a nivel europeo como internacional. A partir destes datos determinouse o indicador global de sustentabilidade B-7 para o municipio de Vigo, obténdose un valor de 0,94, que resulta bastante alto, xa que cando se comezou a empregar este indicador a mediados de 2002 os valores máis altos eran de 0,79% nalgunhas cidades do norte da Europa. O estudo mostra tamén os resultados distribuídos por tipo de norma e sectores, ben como unha comparativa con outras cidades europeas.

*Indicadores de Sostenibilidade Local. Aplicación al. municipio de Vigo y análisis comparado con municipios españoles y portugueses*

Danse a coñecer as principais conclusións deste estudo que se presenta agora, iniciado no pasado ano e que foi recentemente finalizado. Trátase dunha aplicación ao municipio de Vigo dos indicadores de sustentabilidade local desenvolvidos polo OSE (Observatorio de la Sostenibilidad de España).

A razón da realización deste estudo áchase en que, dado que ningún municipio galego participaba na Rede de Observatorios de Sustentabilidade do OSE, a Oficina



## Intervención do Valedor do Cidadán perante o Pleno do Concello

5 de agosto de 2013

do Valedor do Cidadán, através dos seus estudos sobre sustentabilidade expostos nas edicións de 2010 e 2012 no Congreso Nacional de Medio Ambiente (CONAMA), iniciou os trámites para se incorporar a esa Rede que culminaron este ano, remetendo os 16 indicadores aplicados ao municipio de Vigo conforme os parámetros definidos pola OSE.

Porén, recentemente comunicáronnos que o OSE cesaba a súa actividade o 31 de maio pasado. Desta maneira frústrase a posibilidade de que unha cidade galega entre a facer parte de forma plena desa Rede. No caso de que sexa retomada no futuro, continuaríase a colaboración con esa iniciativa.

Ao non se poderen publicar os datos de Vigo xunto cos dos demais municipios pertencentes á Red de Observatorios de Sostenibilidade polas razóns anteditas, e dado que o traballo por parte da Valedoría do Cidadán de Vigo estaba acabado, considerouse acaído realizar esta monografía que se presenta e dar a coñecer así as peculiaridades do municipio de Vigo xunto coas de outros municipios da Red de Observatorios de Sostenibilidade.

O estudo que se presenta recolleu en grande parte a textualidade narrativa do traballo “Indicadores de Sostenibilidade de los Municipios españoles y portugueses”, editado en novembro de 2012 pola Red de Observatorios de Sostenibilidade<sup>1</sup>, ao que foron incorporados os datos do municipio de Vigo en cada un dos 16 indicadores definidos como de sustentabilidade dos municipios que fan parte da Red.

Por outra parte, e para dar testemuño das opinións que a disolución da Rede suscitou entre os seus membros, no Anexo 2 pormenorízanse as opinións da maioría dos seus integrantes sobre esta decisión política, que se espera non sexa definitiva.

### **Parte II.- Outras actuacións**

#### Encuentro Estatal de Defensores Locales - Barcelona

Nos días 3-5 de outubro de 2012 celebrouse en en Barcelona o V Encuentro Estatal de Defensorías Locales. Formuláronse tres grupos de traballo: 1) O Defensor local da cidadanía perante a exclusión social; 2) Experiencias de modificación das prioridades orzamentarias municipais en tempo de crise e, 3) Experiencias de dinamización das defensorías.

O primeiro deles foi presentado polo Valedor do Cidadán de Vigo, no que se expuxo unha reflexión sobre as Actuacións de Oficio que se poden emprender desde as Defensorías en favor dos colectivos máis vulnerábeis ou persoas en risco de exclusión social, que dificilmente chegan a presentar queixas.

---

<sup>1</sup> Dirixido por Luis M. Jiménez Herrero (OSE) e coordinado por Pilar Álvarez-Uría Tejero (OSE) e Josep Antequera Baiget (Observatori de Sostenibilitat de les Comarques Gironines).



## Intervención do Valedor do Cidadán perante o Pleno do Concello

5 de agosto de 2013

O guía do debate deste grupo de traballo foi:

1. A actuación de oficio en asuntos de exclusión social de interese xeral: unha posibilidade ou unha prioridade?
2. A intervención de oficio por vulneración pasiva de dereitos básicos individuais, especialmente en casos de persoas sen abrigo: até onde está lexitimado o defensor para suprir a vontade das persoas afectadas?
3. O defensor e os medios de comunicación no tratamento de temas sobre pobreza e exclusión social.
4. Como pode colaborar o Defensor coa administración local para que esta mellore o seu papel no combate á pobreza e á exclusión social.
5. O Defensor perante a discriminación que sofren os diferentes colectivos en risco de exclusión social.

### Participación en CONAMA 12

A participación da Oficina do Valedor do Cidadán no 12º Congreso Nacional de Medio Ambiente (CONAMA), realizado en Madrid os días 26-30 de novembro de 2012, realizouse através dun *stand* propio baixo o título “*Vigo con la Sostenibilidad*”. Desta maneira, a Valedoría do Cidadán do Concello de Vigo deu a coñecer a situación de Vigo en relación coa súa sustentabilidade, distribuíndose 3000 trípticos que recollían as principais Actuacións de Oficio relacionadas con esta temática e que serviron para a súa difusión. A presenza en CONAMA 12 serviu para contactar directamente con outras institucións e organismos afíns.

Con motivo da celebración desta edición de CONAMA, o Concello de Vigo asinou a Carta de Adhesión ao IV Encontro de Pobos e Cidades pola Sustentabilidade que tivo lugar no marco de CONAMA.

Igualmente, a edición de 2012 de CONAMA acolleu o I Encontro Iberoamericano sobre Desenvolvemento Sustentábel con participación de representantes políticos e empresas de países como Brasil, Chile, Guatemala, Costa Rica, Panamá, Colombia,...

### **Parte III.- Actuacións a Instancia de Parte**

En relación coas actividades feitas a instancia de parte, quixera indicar que, como vostedes saben, o corazón de calquera ser humano que se dedica a actividades públicas debe estar na súa cabeza, xa que para escoltar o que dicimos é necesario pórse en lugar daqueles a quen un se dirixe. Isto é o que tentamos facer. Nas entrevistas realizadas ao longo deste período, sen limite de tempo, que serviron para



## Intervención do Valedor do Cidadán perante o Pleno do Concello

5 de agosto de 2013

coñecer persoalmente as características das problemáticas do cidadán que acode a esta Oficina. Xeralmente chegan tensionados, mostrando unha impotencia e indignación perante a falta de resolución do seu problema, e sen comprender os mecanismos administrativos que, para eles, son hostís.

Non existe, desgrazadamente, terapia resolutiva inmediata. Son escoitados con atención, un debe pórse no seu lugar e téntase orientalos, se non é competencia do Valedor, e, pola contra, axudar na tramitación dun expediente, se ha lugar, e se así se solicitar.

En todas as entrevistas son explicados os dereitos e deberes da Oficina do Valedor para poder discernir, logo a seguir, se o tema obxecto da consulta incumbe directamente nas competencias que lle outorga o Regulamento ou, ao contrario, se trata dunha orientación ou tramitación a outras dependencias administrativas alleas ao Concello.

Nas entrevistas que mantivemos aprendemos moito dos interlocutores que viñeron libremente a nos expor as súas queixas ou reclamacións. Hai que ouvilos con atención, falar e preguntarlles. Naturalmente, todos eles fixéronnos reflexionar. Así pois, aprendamos uns dos outros, pois unha sociedade que despreza o coñecemento e experiencias dos seus membros é unha sociedade que non ten futuro. Debemos escoitar máis.

No ano 2012 rexistrouse un total de 1328 actuacións (un 6,2% máis que no ano 2011).

### Consultas e entrevistas

As Consultas diarias e entrevistas persoais que deron lugar a intervencións e mediacións foron 1103 (un 6,7% máis que no ano 2011 e que triplica ás rexistradas no ano 2003).

A súa distribución por temáticas é a seguinte:

- Benestar Social: 57 (5,2%)
- Cultura e animación sociocultural: 46 (4,2%)
- Educación: 29 (2,6%)
- Medio ambiente: 117 (10,6%)
- Mobilidade e seguranza: 111 (10,1%)
- Participación cidadá: 36 (3,3%)
- Servizos xerais: 74 (6,7%)
- Urbanismo e vivenda: 115 (10,4%)
- Xestión municipal: 69 (6,3%)
- Outros: 449 (40,7%). Neste apartado destacan as consultas/entrevistas relacionadas con Consumo (164), cuestións civís (112) e outras administracións (173).

### Consultas por correo electrónico



## Intervención do Valedor do Cidadán perante o Pleno do Concello

5 de agosto de 2013

As Consultas por correo electrónico foron 163 (un 7,2% máis que no ano 2011).

Por temáticas a distribución foi:

- Asuntos sociais: 19 (11,7%)
- Educación: 7 (4,3%)
- Medio ambiente: 19 (11,7%)
- Mobilidade e seguranza: 47 (28,8%)
- Servizos xerais: 21 (12,9%)
- Urbanismo: 14 (8,6%)
- Xestión municipal: 13 (8,0%)
- Outros: 23 (14,1%)

Unha vez máis, obsérvase un incremento espectacular nas Actuacións a instancia de parte (entrevistas, consultas e intervencións) non municipais, cas cales nunca se presentaran até o ano 2010. Ese ano foron 100; en 2011, 338 e 449 no pasado 2012 das 1328 producidas, sendo as temáticas máis representativas o pagamento de hipotecas, desemprego, dificultades económicas para chegar a fin de mes, asuntos xudicializados, conflitos de convivencia entre veciños, contaminación acústica, estradas fora do municipio ou desconformidade coas facturas de consumo.

Ao igual que o observado no ano 2011, as entrevistas que se engloban dentro do apartado “outros” non están estrictamente vinculados con conflitos relacionados co Concello, incrementáronse en 32,8% ao longo do ano 2012.

### Expedientes

Estas actuacións teñen lugar cando fracasan as mediacións expostas no apartado anterior.

En total foron concluídos 28 expedientes pertencentes a anos anteriores, 1 (2006), 3 (2007), 2 (2008), 3 (2009), 3 (2010) e 16 (2011), alén de 34 do ano 2012.

No momento de editar este Informe foron concluídos (até o día 31 de marzo de 2013) 25 expedientes, segundo a seguinte distribución: 1 (2006), 1 (2007), 4 (2008), 2 (2009), 3 (2010), 6 (2011) e 8 (2012).

Neste apartado temos que agradecer ás áreas de Benestar Social; Comercio e Industria; Distritos, Parques e Xardíns e Limpeza; Educación; Medio Ambiente; Participación Cidadá e Xestión Municipal pola súa colaboración con esta Valedoría na resolución dos expedientes presentados, o que redunda na rápida resolución dos conflitos presentados pola cidadanía.

Nos dez anos de funcionamento da Valedoría do Cidadán pódense perfilar dúas etapas, a primeira até o ano 2006 e outra a partir dese ano. Se tivéssemos en conta só esta última, na actualidade o rendemento medido polo número de expedientes concluídos aproximaríase ao 95%, mais se temos en conta todo o período, este



## Intervención do Valedor do Cidadán perante o Pleno do Concello

5 de agosto de 2013

ascende ao 92%. A razón áchase nas dificultades encontradas nos primeiros anos de funcionamento desta institución, talvez pola novidade desta figura. Cos anos, utilizando constancia e insistencia, como un orballo permanente, foise quebrando ese xeo e a colaboración entre as Concellerías e a Valedoría incrementouse, asumindo as responsabilidades cívicas que, aínda non sendo a óptima, alcanza uns niveis positivos.

No Informe Anual presentado ao Pleno no pasado ano, facíase constar que en relación coa resolución de expedientes había un “atasco” pertencente aos anos 2006-09. Fíxose un chamado ás Concellerías relacionadas con eles que tivo unha boa e rápida resposta, fundamentalmente por parte de Urbanismo, que agradecemos en nome da cidadanía, diminuíndo así un bo número destes expedientes.

Así mesmo, en canto ás cuestións propostas a esta Valedoría no ámbito das sancións de tráfico, ponse en dúbida que determinadas sancións se axusten a unha Regulamentación que todos debemos cumprir. No entanto, excepcionalmente existen claroscuros que deben interpretarse en función das alegacións que a cidadanía presenta, ao considerar que se violan os seus dereitos. As alegacións razoadas e contrastadas serven, non para mudar o sentido das leis, senón para axustarse ao espírito interpretativo do Regulamento.

A razón deste aserto ponse de manifesto nos seguintes expedientes:

1. Multa por deter o vehículo para apear unha persoa incapacitada. Non se ten en conta o estado desta necesidade. A resposta final é: “Se o interesado non considera correcta a sanción debe impugnalala vía contencioso-administrativa”.
2. Sanción e retirada de vehículo sen existir sinalización. Despois de meses de constantes peticións, respóndese desestimando a petición de devolución das taxas, indicándose a vía xudicial a seguir.

Desde hai un ano esta Valedoría está a tentar, sen éxito, levar ao ánimo dos responsábeis municipais as dúbidas que se presentan sobre a interpretación errónea do Regulamento Xeral da Circulación, xa que se considera que unha infracción é grave cando non o é. O reclamante foi sancionado cunha cantidade superior á que lle correspondía, solicitando que se proceda á devolución do exceso. O Departamento de Mobilidade e Seguridade na súa información comunica que o recurso de reposición foi rexeitado e se o infractor considera que a sanción non se axusta a dereito debe impugnalala perante o xulgado contencioso-administrativo. Reférese a unha multa relacionada co estacionamento en zona de carga e descarga.

Os exemplos destes expedientes serven para puntualizar unha forma de actuación sobre a que, -consideramos-, debería reflexionarse. En primeiro lugar, calquera reclamación que a cidadanía formule perante unha actuación municipal que considere que viola os seus dereitos, debe ser razoada en tempo e forma, pois, nestes expedientes, demóranse meses en recibir a resposta despois de reiteradas





## Intervención do Valedor do Cidadán perante o Pleno do Concello

5 de agosto de 2013

solicitudes por parte desta Valedoría. Por outra parte, xa saben que o recurso de reposición fica denegado despois dun mes de silencio administrativo, podendo o/a recorrente proseguir o proceso vía contencioso-administrativa.

A cuestión é simple: canto custa esta última vía e canto tempo dura? Dado que a contía da multa, xeralmente é moi inferior ao custo económico que comporta o proceso contencioso-administrativo, a cidadanía desiste de continuar a súa reclamación. Así pois, é un proceso que debe avaliarse para evitar a indefensión da cidadanía.

Aínda se complica máis ao interpretarse libremente o artigo 92.2 do Regulamento Xeral de Circulación e o artigo 94.2.c no que non é cualificada como infracción grave o estacionamento en zona de carga e descarga. A Lei 18/2009, BOE de 24 de novembro de 2009, explícita de forma clara no seu título V (Régime sancionador), capítulo I (Infraccións e sancións), e no seu artigo 65.4: *“son infraccións graves, cando non sexan constitutivas de delito, as condutas tipificadas nesta lei referidas a”* [explicitanse 28 casos, non existindo ningunha referencia ao estacionamento en zonas de carga e descarga, si, ao contrario, cita de forma literal a zonas de estacionamento para uso exclusivo de persoas con discapacidade]. Por tanto, se o lexislador non explicita o caso da carga e descarga no apartado de infraccións graves non pode ser considerada infracción grave.

Pediuse desde esta Valedoría do Cidadán con respecto a este expediente, que foi tratado na última Comisión de Suxestións e Reclamacións, xustificación razoada da aplicación da lei 18/2009 en relación co estacionamento en zona de carga e descarga. Consideramos que é urxente que se dean a coñecer os argumentos xurídicos, se os houber, ou rectificar o tipo de sanción imposta.

Os expedientes citados son excepcións. A Valedoría do Cidadán ten por misión facelos constar para que estes non aumenten senón, ao contrario, diminúan. Son conflitos que se poderían ter evitado se se cumprisen as directrices do Regulamento Orgánico que rexe o funcionamento desta Institución coas distintas Concellerías e que foron aprobadas polo Pleno Municipal.

Non é nada novo, os clásicos, frecuentemente acudimos a eles, deixaron escrito: “hai que ser escravos das leis para podermos ser libres”. Isto é, hai que axustarse aos regulamentos aprobados para evitar así incertezas na resolución dos conflitos presentados.

### Parte IV.- Resumo estatístico da web do Valedor do Cidadán

A web do Valedor do Cidadán (<http://hoxe.vigo.org/movemonos/valedor.php?lang=gal>) registrou no ano 2012 un total de 22.060 visitas e descargas de documentos.

Os Informes ao Pleno tiveron un total de 5.220 visitas e descargas.



## Intervención do Valedor do Cidadán perante o Pleno do Concello

5 de agosto de 2013

Os informes e monografías máis solicitadas foron *Gestión de la contaminación acústica. Análisis de la legislación estatal y propuestas de aplicación para la administración local (940)*, *Pobreza e exclusión social (499)*, *Indicador común europeo de sustentabilidade A-4. A accesibilidade aos servizos básicos. Aplicación ao municipio de Vigo e comparación con outras cidades europeas (274)*, *Rutas de carrís para bicicletas no concello de Vigo (237)*, *Aparcamientos disuasorios. Propuesta de aplicación en el municipio de Vigo (220)* e *Encuesta sobre aparcamientos disuasorios. Análisis de los factores condicionantes para su planificación (218)*.

### Parte V.- Reflexións e recomendacións

Se esta é a miña tarefa, a de vostedes reside o papel de legislar normativas locais, lembrando que o principal rol da sociedade futura reside en harmonizar progreso económico con progreso social, e formar cidadáns libres, tolerantes e solidarios. Isto é, aberto a todos e a todo, xa que o proxecto de calquera actividade social, ao igual que a que se desenvolve no futuro, é un proceso que implica transmitir á cidadanía que a vida cívica da nosa cidade é e debe ser un equilibrio permanente entre dereitos e deberes. Pregando que na redacción dos textos das ordenanzas lexislativas que aproben fosen simples, pois o simple é sempre o mellor.

Teñen vostedes hoxe, ao igual que en anos anteriores, un relatorio secuencial dos expedientes concluídos e dos non concluídos. Teñen todos vostedes unha documentación valiosa, tanto dos expedientes ou consultas, como das entrevistas, extensas, en xeral, todas elas.

Todos, absolutamente todos, temos unha obriga ineludíbel coa cidadanía na procura do ben común e que confía no bo facer de toda a corporación local. Os casos tratados neste Informe serán de grande utilidade para coñecer tanto a parte visíbel do iceberg como a oculta, a que está abaixo da liña de flutuación e que non se ve, pero existe. Para iso, fico á disposición de calquera dos presentes para aclarar, se for necesario, calquera tipo de dúbida, se a houbese.

Moitas grazas pola súa atención.